

MOONLIGHT

[Barry Jenkins, 2016]

205

ESTREA EN NUMAX: 24.02.2017 | V.O.S.E. | +16

Moonlight (2016, 111')

Dirección: Barry Jenkins

Guión: Barry Jenkins (Historia: Tarell Alvin McCraney)

Elenco: Trevante Rhodes, Naomie Harris, Mahershala Ali, Ashton Sanders, André Holland, Alex R. Hibbert, Janelle Monáe, Jharrel Jerome, Shariff Earp

Vestuario: Caroline Eselin

Son: Chris Giles

Montaxe: Joi McMillon, Nat Sanders

Música: Nicholas Britell

Fotografía: James Laxton

Produtora: A24, Plan B Entertainment, Upload Films (Estados Unidos)

Distribuidora: Diamond Films

Formato de proxección: DCP 2K, 2.35:1

Idioma orixinal: Inglés

FILMOGRAFÍA

Chlorophyl, 2011 [curtametraxe]

Tall Enough, 2009 [curtametraxe]

A Young Couple, 2009 [curtametraxe]

Medicine for Melancholy, 2008

Little Brown Boy, 2003 [curtametraxe]

My Josephine, 2003 [curtametraxe]

PREMIOS E FESTIVAIS

Oscar 2016 (8 nominacións incluído mellor filme e dirección), Globos

de Ouro 2016 (mellor drama, 6

nominacións), Mar del Plata 2016

(mellor actor —Mahershala Ali—),

BAFTA 2016 (4 nominacións), Gotham

2016 (mellor filme, guión e reparto).

SINOPSE

Chiron é un mozo afroamericano cunha difícil infancia e adolescencia, que medra nunha zona conflitiva de Miami. A medida que pasan os anos, o mozo descóbrese a si propio tentando sobrevivir en diferentes situacións. Durante todo ese tempo, Chiron terá que facer fronte á drogadicción da súa nai e ao violento ambiente do seu colexio e o seu barrio.

«Delicado e insólito filme. Nada resulta previsíbel nin está forzado nesta fermosa película.»

Carlos Boyero, EL PAÍS



MOONLIGHT

[Barry Jenkins, 2016]

«Eu era un mozo como Chiron a conducir e maldicir desde o seu coche»

Entrevista con Barry Jenkins

Por Nicolas Rapold

O filme trata tres etapas na vida de Chiron: de neno, adolescente e adulto. É case como unha peza musical dividida en movementos. Temos un personaxe que semella estar a fuxir de si mesmo. E a música no filme cóntanos o que el non é quen de expresar. No comezo a música ten moi pouca presenza mais cando chegamos á terceira historia acada un sentido máis expresivo e sensual.

Ralentizouse algunha peza? Trátase dunha modalidade sureña do hip-hop chamada *chopped and screwed* onde a voz é realmente profunda e algunhas frases repítense e cántanse de vagar. Este estilo de voz, que naceu en Houston e Tampa, pode semellar hispermasculino mais mais nas súas letras se abre a múltiples significados. O hip-hop móvese habitualmente a un ritmo tan elevado que é difícil de comprender, non só na súa poesía senón na dor que contén. O *chopped and screwed* permite que toda esa dor emerxa. Traballei de preto co compositor, Nick Britell, engadimos bastante violín, cello e óboe. É case como captar os latexos dun corazón, ralentizalos e amosalos ao público. Coido que iso é o que os actores fan cos seus personaxes.

Xa que estamos a falar de música, que é o tema inicial? É o último álbum de Kendrick Lamar, *To Pimp a Butterfly*. Realmente empregamos unha versión máis lenta. O tema é *Every Nigger Is a Star* do filme *blaxploitation* de Boris Gardiner. *Moonlight* pode ser cualificado de filme de autor ou algunha merda similar, mais tamén é un filme sobre o fogar. De novo eu era un mozo como Chiron a conducir e maldicir desde o seu coche. O filme retrata exactamente o lugar no que me criei, un lugar no que a xente ten moito orgullo das súas raíces.

Como era o teu fogar? Medrei nun bloque de edificios afastado do que aparece no filme pero realmente moi similar. As voces, o xeito no que a pel dos personaxes resplandece... O dramaturgo Tarell McCraney escribiu o material de base, como 40 ou 45 páxinas non lineais. Ía para diante e para atrás no tempo, a medio camiño entre a pantalla e o escenario. E cando o lin inmediatamente dixen: aquí hai un filme. Non sei como medrou Tarell mais eu crieime nun bloque de edificios literalmente igual. Fun ao mesmo tipo de colexio e tanto a nai do personaxe como a miña sufriron unha terríbel adición ao crack e a cocaína. E non hai unha soa escena da nai no guión que non lle sucedese á miña nai e á do personaxe. Son cousas das que eu sempre quixen falar e non o facía porque é moi complexo facer algo autobiográfico, poñer a túa merda na pantalla.

Como foi o traballo cos actores? Ashton Sander facendo de Chiron ten unha intensidade interior e temerosa. Trevante Rhodes fai o mesmo papel mais de adulto mangallón cun pequeno dentro. Exactamente. E nunca ensaiaron xuntos. Non me preocupaba que tivesen unha aparencia similar ou falasen de maneira parecida. O que me preocupaba é a súa expresión cando non hai diálogos. Ían tentar exteriorizar as súas emocións ou sentir o medo por debaixo da superficie? É a teoría do iceberg. E resultou que son os dous actores *iceberg*. Ashton podería explicar a súa aproximación ao personaxe de principio a fin. Foi unha aproximación moi intelectual mais logo o que se ve na pantalla é moi cru. É como un tipo que leva a emoción impresa no seu rostro mais tenta agochalo.

Poderíanos falar do uso do silencio e a súa presenza no filme? Na miña infancia eu era un neno tranquilo e silencioso. Pasaba o tempo a ollar para a xente, mais apenas interactuaba. E coido que se pode aprender moito máis da xente cando non fala que cando está a falar. A xente adoita dicir que se sabe máis da xente polas súas accións ca polas súas palabras. Eu creo que cando mellor se ve no interior das persoas é cando están en repouso e se pode ollar a través do seu rostro.

Publicado en <http://www.filmcomment.com/>
Traducido por Xan Gómez Viñas

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME